



Concello de Boiro

RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE CONTAXIO POR CORONAVIRUS

O goberno local do Concello de Boiro acordou tomar unha serie de medidas preventivas para as instalacións e actividades que se realizan en instalacións municipais e/ou dependen do Concello de Boiro, con entrada en vigor a partir do venres día 13 de marzo de 2020 e estará vixente durante un período de 15 días, sempre a expensas de como evolucione a enfermidade.

RESOLVO:

Primeiro.- A atención ao público será exclusivamente telefónica en todos os departamentos dependentes do Concello. A atención presencial quedará limitada a casos de extrema necesidade e sempre con previa cita solicitada ao Concello de Boiro.

Segundo.- Todos os centros sociais e culturais e todas as instalacións municipais permanecerán pechadas.

Terceiro.- Todas as actividades culturais, deportivas, sociais ou de calquera outra índole, sexan organizadas polo Concello ou celebradas en instalacións municipais quedarán canceladas.

Cuarto.- Quedan suspendidos os cursos de formación e outras actividades dependentes do Concello de Boiro ou celebradas en instalacións municipais, tales como clases de baile, música, pintura, costura, etc.

Quinto.- As cafeterías dos centros sociais permanecerán abertas pero cun límite de aforo de 1/3 da súa capacidade. Todas as actividades que nelas se celebran quedan suspendidas.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: K7CRCE7GAMIDNFTDCSSAY2A3AR | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Boiro

Sexto.- As instalacións deportivas do Concello de Boiro permanecerán pechadas. Incluídos campos de fútbol, polideportivos e Complexo Deportivo de A Cachada.

Sétimo.- O mercadillo dos martes queda limitado só para aqueles postos de venda de produtos de alimentación.

Oitavo.- O Mercado Municipal (praza de abastos) permanecerá aberta pero cun aforo limitado de 50 persoas como máximo.

Noveno.- As bibliotecas municipais (A Cachada e Escarabote) permanecerán abertas exclusivamente para préstamo e devolución de libros. Non se permitirá a estancia e aglomeración de persoas nestas instalacións

Décimo.- As medidas sinaladas quedan condicionadas a calquera variación que determinen as autoridades sanitarias autonómicas ou estatais.

Boiro, na data que se indica na marxe, na sinatura dixital.

Don José Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro.

M^a Carmen Santiago Hermo, secretaria accidental

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: K7CRCE7GAMIDNFTDGSSAY2A3AR | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2